



1.- Xornada sobre Big Data e Estatística

Lembramos que está aberto a prazo de inscrición na **Xornada sobre Big Data e Estatística** que organizan a SGAPEIO, o grupo de investigación MODES da Universidade da Coruña (UDC) e a Rede de Tecnoloxías Cloud e Big Data para HPC. Esta xornada terá lugar o día 19 de xuño de 2015 na Facultade de Informática da UDC.

Data límite de inscrición: **7 de xuño** de 2015.

Máis información: <http://bigdata.sgapeio.es/>

2.- Seminarios na Universidade de Vigo

O grupo de investigación SiDOR organiza os seguintes seminarios que terán lugar no mes de xuño:

Seminario 1:

- Data e hora: 5 de xuño de 2015, de 10:00 a 13:00 hrs.
- Lugar: Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.
- Título: **Advanced in biostatistical models and methods.**
- Poñentes: Mar Rodríguez Gironde (Leiden University Medical Center), María Xosé Rodríguez Álvarez (Universidade de Vigo), Pablo Martínez Cambor (Universidad de Oviedo) e Javier Roca Pardiñas (Universidade de Vigo).

Seminario 2:

- Data e hora: 9 de xuño de 2015 ás 12:30 hrs.
- Lugar: Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.
- Título: **Generalized exponential tilting.**
- Poñente: Profesor Paul Eilers. Erasmus University Medical Center (Rotterdam).

Seminario 3:

- Data e hora: 18 de xuño de 2015 ás 12:30 hrs.
- Lugar: Aula seminario 105 da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo. Por videoconferencia.
- Título: **Nuevas medidas para valorar Biomarcadores.**
- Poñente: María del Carmen Pardo. Universidad Complutense de Madrid.

Máis

información:

http://sidor.webs.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=2&Itemid=3

3.- VIII Escola JAE de Matemáticas 2015

O *Instituto de Ciencias Matemáticas* (ICMAT) organiza a **Escola JAE de Matemáticas**, de iniciación a la investigación, que terá lugar do 29 de xuño ao 17 de xullo de 2015 no ICMAT. O programa está destinado a estudantes con bolsas JAE-Intro do CSIC e, en xeral a calquera estudante de grao ou máster con especial interese na investigación.

As solicitudes deben presentarse antes do 24 de xuño de 2015 enviando un correo electrónico a esther.fuentes@icmat.es e incluíndo un breve CV.

Máis información: <http://www.icmat.es/events/JAESchool/programme2015>

4.- 8ª Reunión española de usuarios de Stata

A 8ª **Reunión española de usuarios de Stata** terá lugar no *Instituto de Empresa* en Madrid o xoves 22 de outubro de 2015. O obxectivo da reunión é facilitar aos usuarios de Stata a oportunidade de intercambiar ideas, experiencias e información en novas aplicacións do programa. Todas aquelas persoas con interese no uso de Stata son benvidas.

Os invitados de Stata Corp que asistirán á reunión son:

- D. Enrique Pinzón, Senior Econometrician en Stata Corp.
- D. Gustavo Sánchez, Senior Statistician e Director de Technical Services en Stata Corp.

Presentación de ponencias: ata o 10 de xullo de 2015.

Máis información: <http://www.stata.com/meeting/spain15/>

5.- III edición de INNOVACIENCIA

Está aberta a convocatoria da terceira edición do certame **INNOVACIENCIA**, o concurso de proxectos científicos para menores de 30 anos organizado polo *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* (CSIC) e a *Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología* (FECYT).

O certame premia ideas e proxectos orixinais, referidos a calquera área científico-técnica. Acéptanse perspectivas variadas (proxecto científico e innovador, deseño de novos procesos e produtos, etc.) e cada candidatura pode presentarse individualmente ou en grupo.

O concurso está dotado cos seguintes premios:

- Primeiro premio: 2.500 € + iPad.
- Segundo premio: 2.000 € + iPad.

Presentación de traballos: ata o 2 de setembro de 2015.

Máis información: www.innovaciencia.es

6.- Oferta de emprego no BBVA

O BBVA busca especialista en escenarios de risco coas seguintes aptitudes e coñecementos:

- Licenciatura en Economía, CC Empresariais, Enxeñería ou **Matemáticas**.
- Inglés fluído.
- 3-4 anos de experiencia profesional.
- Coñecementos do negocio bancario, contabilidade bancaria e normativa.
- Coñecementos de Economía e Estatística aplicada.
- Coñecementos de Office e manexo de BBDD (valorado manexo de SAS).

Máis información: https://es.linkedin.com/jobs2/view/49821590?trk=jserp_job_details_text

7.- Oferta prácticas profesionais en Allianz Seguros

Allianz Seguros busca estudantes de Ciencias Actuariais, Estatística ou Matemáticas para incorporarse ao seu programa de prácticas profesionais colaborando coa *Oficina de Cálculo Actuarial de Allianz Seguros*.

Requisitos:

- Estudante de último curso de Matemáticas, Estatística ou Máster en Ciencias Actuariais.
- Imprescindible nivel alto de inglés.
- Disponibilidade en horario de mañá.
- Incorporación inmediata e durante 6 meses

Máis información: <https://goo.gl/7k6ZQf>

Un saúdo,

SGAPEIO

Facultade de Matemáticas

Campus Vida, s/n

15782 Santiago de Compostela

A Coruña (ESPAÑA)

E-mail: secretaria@sgapeio.es

Web: <http://www.sgapeio.es>